



festival[®]
do internacional de
Mundo Celta
Ortigueira



#ESCOITAÁSESTRELAS

9 - 16 XULLO 2023

FESTIVAL DECLARADO DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

#OITONACIÓN SUNHACULTURA

BENVIDOS A #ORTIGUEIRA2023

ORTIGUEIRA

O FESTIVAL

LOXÍSTICA

CONCEPTO, SLOGAN E CARTEL

PROGRAMACIÓN DE #ORTIGUEIRA2023

PROGRAMACIÓN DIARIA

EXPOSICIÓNS

OBRADOIROS E OUTRAS ACTIVIDADES

FEIRA DE ARTESANÍA

CONCURSO RUNAS

FESTIVAL NO TEATRO

FESTIVAL NA IGREXA

FESTIVAL NA RÚA

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

RELACIÓN DE GRUPOS

INFORMACIÓN PRÁCTICA

RECOMENDACIÓNS

COMUNIDADE ONLINE

PATROCINADORES

AGRADECEMENTOS

CONTACTOS

BENVID@S A #ORTIGUEIRA2023


ORTIGUEIRA

Sobre o mapa, este territorio do norte de Galicia destaca polo seu tamaño. A localidade, de pouco máis de 5.000 habitantes, está situada a metade do camiño que une Ferrol e Viveiro. Constitúe un espazo rural por descubrir que apenas adiviña, na súa magnitude, quen a visita cada ano para gozar da música celta e folk e da festa global do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

A súa ría protexida de importancia internacional, unha costa salvaxe allea ao boom do ladrillo, o seu patrimonio rehabilitado, a boa mesa e a hospitalidade das súas xentes, converten o municipio en destino perfecto para quen procure a tranquilidade e non se conforme con sol e praia. Se che quedan enerxías despois da noite de concertos, propoñémosche a mellor actividade paralela. Colle o necesario e aproveita o día para perderche por esa Ortigueira descoñecida.

CHEGAR:

A principal vía de comunicación é a estrada AC-862 de Ferrol a Foz e Ribadeo, que se une en Neda coa AP-9 pola que se chega á Coruña (99 Km). A distancia ata Ferrol é de 53 Km. Outra posible opción, desde Madrid, é coller



a autovía A-6 ata o desvío de Rábade (saída 510) ou Baamonde (saída 523). Pasando por Vilalba e As Pontes chégase a Ortigueira pola AC-101.

Consulta na web www.festivaldeortigueira.com todas as opcións de transporte público.

O FESTIVAL

O Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira nace dun proxecto que os membros da Escola de Gaitas de Ortigueira idean tras unha visita ao Festival Intercéltico de Lorient en 1978.

Obtén os galardóns de Interese Turístico Gallego e Nacional e, en 2005, é declarado Festa de Interese Turístico Internacional polo Ministerio de Industria Español, converténdose así nunha plataforma desde a que o mundo enteiro coñece Ortigueira e a súa comarca. En 2014 obtén o Premio Cultura Galega na modalidade de música e, en 2022, o premio a Mellor Festival de Galicia nos IX Premios Martín Códax dá Música.

Nas súas edicións pasada, foron máis de 70.000 persoas as que acudiron a este evento cultural, chegando en 2022 a máis de 100.000.

Non hai dúbida de que a calidade artística e cultural alcanzada polo Festival non se verá minguada en futuras edicións. Ano a ano, aumenta o investimento en infraestruturas, servizos e recursos humanos para poder acoller á gran cantidade de persoas rexistradas e poder garantir en todo momento a súa seguridade e goce.



Todo isto, implica un importante esforzo económico no que o Concello de Ortigueira está totalmente inmerso xunto cos patrocinadores públicos e privados. Cos novos criterios de xestión instaurados, o Festival consolídase definitivamente como referente cultural e un importantísimo motor económico.

LOXÍSTICA

Para o Concello de Ortigueira, é unha proba anual a nivel de produción e organización. A presenza de máis de 70.000 persoas e a mobilización duns 10.000 vehículos fan que a operatividade sexa máxima.

Por todo isto, a organización pon ao dispor do Festival máis de 100 efectivos de Protección Civil así como seguridade privada. Así mesmo, incrementáanse os servizos de policía e emerxencias médicas. Como novidade, na presente edición, contarase cunha UVI móbil.

Durante o Festival, incrementáase a frecuencia e o número de transportes públicos (trens e autobuses) para chegar a Ortigueira. Á súa vez, habilitaranse zonas de aparcamento para uns 15.000 vehículos.

Un ano máis, Morouzos será a zona de descanso.



CONCEPTO, SLOGAN E CARTEL

Tras 45 anos desde o primeiro Festival de Ortigueira, neste 2023 deseñouse unha edición moi especial, xa que por segundo ano consecutivo o Festival tivo unha duración de 8 días.

Por iso desde Ortigueira realizárase un chamamento ao resto de nacións celtas, convidándoas a compartir connosco un novo Festival. Este feito é a orixe do cartel deste ano, e é o espírito que percorrerá toda a edición.

Baixo o slogan #EscoitaÁsEstrelas as oito nacións celtas, Galicia, Asturias, Escocia, Irlanda, Bretaña, Gales, Cornualles e a Illa de Man, aparecen no cartel representadas coas constelacións rodeando un mundo onde as árbores do piñeiral son os músicos.



PROGRAMACIÓN DE #ORTIGUEIRA2023

PROGRAMACIÓN DIARIA

DOMINGO 9

PRAZA ISABEL II

19:00 h. Inauguración
Izado de bandeiras das oito Nacións Celtas e actuación da Escola de Gaitas de Ortigueira xunto a artistas convidados.

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. SonDeSeu

23:15 h. Talisk

XOVES 13

FESTIVAL NA RUA

12:30 h. No Cómboro
Av. Escola de Gaitas (Gadís) - R/Fernández Latorre - Alameda
17:00 h. Peoples Ford Boghall & Bathgate Caledonia Pipe Band
Biblioteca - D. Xosé Buide - Av. Escola de Gaitas - R/Fernández Latorre - Cantón - Alameda
20:00 h. Banda de Gaitas La Laguna del Torollu
R/Magdalena - Eugenio López - Cantón

FESTIVAL NO TEATRO

19:00 h. Rubén Díez Trío

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. Fetén Fetén Conexión Galicia

23:15 h. Xisco Feijóo

00:45 h. JDC

02:00 h. Falpey

LUNS 10

FESTIVAL NA RUA

19:00 h. Banda de Gaitas Ladrado
Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Av. As Pontes - Alameda
20:00 h. Charanga Alxibeira
Av. Penela - Av. Cuba - Cantón - Alameda

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. Muro Kvartet

Finalista Concurso Runas 2023

23:00 h. Alienda

Finalista Concurso Runas 2023

00:00 h. Guleidu

Finalista Concurso Runas 2023

VENRES 14

FESTIVAL NA RUA

12:30 h. Banda de Gaitas La Laguna del Torollu
Biblioteca - D. Xosé Buide - Eugenio López - Salgueiro - Cantón - Praza Isabel II
13:00 h. Peoples Ford Boghall & Bathgate Caledonia Pipe Band
Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Av. As Pontes - Cantón - Alameda
13:30 h. Bandina La Garrapiella
Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Av. Cuba - Cantón - Alameda
17:00 h. Banda de Gaitas Abelladeira
R/Magdalena - Av. Cuba - Cantón - Alameda
18:00 h. Grupo Földörök Trebeyu
Praza Isabel II
20:00 h. Bagad Sonerien An Oriant
Av. Penela - Eugenio López - Cantón

FESTIVAL NA IGREJA

19:00 h. David Bellas, De Gaitas Postbeis

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. Peoples Ford Boghall & Bathgate Caledonia Pipe Band

22:45 h. Escola de Gaitas de Ortigueira

00:00 h. Rura

01:30 h. Startjenn

MARTES 11

FESTIVAL NA RUA

19:00 h. Asociación Cultural Troula do Ortegal
Biblioteca - D. Xosé Buide - Eugenio López - Cantón - Praza Isabel II
19:15 h. Asociación Cultural Son D'Aquí
Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Av. As Pontes - Alameda

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. Trilidri

23:15 h. Algaire

00:30 h. Elephant Sessions

SÁBADO 15

FESTIVAL NA RUA

12:00 h. Bagad Sonerien An Oriant
Av. Escola de Gaitas (Gadís) - R/Fernández Latorre - Alameda
12:30 h. Banda de Gaitas Abelladeira
R/Magdalena - As Pontes - Alameda
13:00 h. Bandina La Garrapiella
Av. Penela - Eugenio López - Cantón - Alameda
13:30 h. Grupo Földörök Trebeyu
Praza Isabel II
17:00 h. Banda de Gaitas La Laguna del Torollu
Biblioteca - D. Xosé Buide - Av. Escola de Gaitas - R/Fernández Latorre - Cantón
18:00 h. Asociación Cultural Sañas de Xove
Praza Isabel II
20:00 h. Peoples Ford Boghall & Bathgate Caledonia Pipe Band
Av. Penela - Eugenio López - Cantón

FESTIVAL NO TEATRO

19:00 h. Anxo Lorenzo & Eoghan Neff

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. Bagad Sonerien An Oriant

22:45 h. Xurxo Fernandes

00:00 h. Le Vent du Nord

01:30 h. Four Men and a Dog

MÉRCORES 12

FESTIVAL NA RUA

13:30 h. Os Netos do Escríbano
Av. Penela - Av. Cuba - Cantón - Alameda
18:00 h. Banda de Gaitas do Ortegal
R/Magdalena - Eugenio López - Cantón
19:00 h. Fol de Raxal
Av. Penela - Av. Cuba - Cantón - Alameda
20:00 h. Alríños do Eume
Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Av. As Pontes - Alameda

FESTIVAL NO TEATRO

19:00 h. Mailou

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. A Banda das Crechas

23:15 h. Holiday Club

00:30 h. Mec Lir

DOMINGO 16

FESTIVAL NA RUA

11:30 h. Desfile das Nacións Celtas
Alameda - Av. As Pontes - Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Penla - Eugenio López - Cantón
- Escola de Gaitas de Ortigueira
- Banda de Gaitas do Ortegal
- Banda de Gaitas Ladrado
- Banda de Gaitas Abelladeira
- Asociación Cultural Sañas de Xove
- Alríños de Fene
- Grupo Földörök Trebeyu
- Banda de Gaitas La Laguna del Torollu
- Bagad Sonerien An Oriant
- Peoples Ford Boghall & Bathgate Caledonia Pipe Band
19:00 h. Asociación Cultural Troula do Ortegal
Biblioteca - R/Francisco Santiago - Cantón

TEATRO DE BENEFICENCIA

16:00 h. Presentación do libro de Xulia Felxoo "Concha do Canizo. Este pandeiro que eu toco" e obradoiro "O pandeiro cadrado na Terra das Frieiras"
Enrase libre ata completar aforo.

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22:00 h. Os Carecos

23:30 h. Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre

01:00 h. Covagueira



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias	112
Garda Civil - Obxectos perdidos	062
Centro de Saúde	981 40 00 21
	981 40 10 76
Policia Local	981 42 90 44
	696 44 68 63
	696 44 68 64
Concello de Ortigueira	981 40 00 00
Oficina de Turismo	981 97 41 03
Renfe	912 32 03 20
	981 37 05 29
Buses Arriva	981 31 12 13

CONSULTA O MAPA AQUÍ



ORADOUROS (CEP JOSÉ MARÍA LAJE)

LUNS 10, MARTES 11 E MÉRCORES 12
11:00 - 14:00 h. e 16:00 - 19:00 h. O traballo folk contemporáneo. Curso de iniciación á harmonía tradicional impartido por Pedro Pascual.
Inscripcións de balde indicando o oradoriro interesado en oradoriros@festivaldeortigueira.com

ORADOUROS (DE ORTIGUEIRA)

Xoves 13 16:00 - 18:00 h. Belle Irlandés
Venres 14 16:00 - 18:00 h. Belle bretón
Sábado 15 12:00 - 14:00 h. Belle galego
16:00 - 18:00 h. Belle asturiano
Inscripcións de balde indicando o oradoriro interesado en oradoriros@festivaldeortigueira.com

ORADOURO DE FOTOGRAFÍA

VI Obradoiro de Fotografía Documental de Rúa
Información e inscricións no 629 65 93 87 ou no correo galegoart.fotografia@gmail.com

EXPOSICIÓNS

Berptetu, a expo de Sonia Navas e Sindo Novoa.
A través da nosa obxectivo de Juan Ocaña e Pedro Michelena.
Sala de exposicións no claustro baixo do Concello, de luns a sábado de 09:00 a 13:30 h.

APARCADOUROS RESIDENTES

(A) Situado a man esquerda despois da gasolineta (dirección Ortigueira pola estrada AC-962). Será válido calquera documento que acredite residir en Ortigueira. Dispoñen de vixilancia e son de balde.
(B) Situado ao carón do Tanatorio. Será válido calquera documento que acredite residir en Ortigueira. Dispoñen de vixilancia e son de balde.

APARCADOUROS PÚBLICOS

Situados na entrada do casco urbano pola carretera a Espinho, RM 24,7
Dispoñen de vixilancia e son de balde.

LÍÑA DE BUSES URBANOS

Desde o domingo 9 ata o domingo 16, con frecuencias cada hora, en horario ininterrompido de 10:00 h. ata unha hora despois da finalización dos concertos (1:00 h. de trasego).
O domingo 16 ao mediodía poderán haber cortes no servizo durante o paso do Desfile das Nacións Celtas.

Paradas bus:

- Aparcadedores públicos (1)
- Fronte á estación de FEVE (2)
- Rotonda da praia de Morouzos (3)



#ESCOTAS ESTRELAS
9 - 16 XULLO 2023
FESTIVAL DECEALADO DE ESTRELLAS INTERNACIONAL
#NACIONES EN CULTURA

[@FESTIVALDEORTIGUEIRA](https://www.facebook.com/festivaldeortigueira)
[FESTORTIGUEIRA](https://www.facebook.com/festortigueira)
[FESTORTIGUEIRA](https://www.facebook.com/festortigueira)
[FESTORTIGUEIRA](https://www.facebook.com/festortigueira)
[FESTORTIGUEIRA](https://www.facebook.com/festortigueira)
[WWW.FESTIVALDEORTIGUEIRA.COM](https://www.facebook.com/festortigueira)











EXPOSICIÓNS

Cada ano deséñanse dúas exposicións de diferente temática que se poden visitar de luns a sábado de 09:00 a 13:30 h no claustro baixo do Concello de Ortigueira.

- **Berpiztu, a expo** de Sonia Navas e Sindo Novoa
- **A través do noso obxectivo** de Juan Ocaña e Pedro Michelena

OBRADOIROS E OUTRAS ACTIVIDADES

Dentro do desenvolvemento das actividades do Festival desenvólvense diferentes talleres de participación popular, para favorecer a comunicación, a difusión cultural e o coñecemento das diferentes nacións que conflúen na experiencia cultural que é o Festival de Ortigueira.

- **O arranxo folk contemporáneo.** Curso de iniciación á harmonía tradicional impartido por Pedro Pascual o luns 10, martes 11 y mércores 12 no CEIP José María Lage.
- **Obradoiro de baile irlandés** impartido por Denis O'Toole o xoves 13 no IES de Ortigueira.
- **Obradoiro de baile bretón** impartido pola Bagad Sonerien An Oriant o venres 14 no IES de Ortigueira.
- **Obradoiro de baile gallego** impartido pola Asociación Cultural Saiñas de Xove o sábado 15 no IES de Ortigueira.
- **Obradoiro de baile asturiano** impartido polo Grupo Folklórico Trebeyu o sábado 15 no IES de Ortigueira.
- **Presentación del libro "Concha de Canizo. Este pandeiro que eu toco"** da etnomusicóloga Xulia Feixoo o domingo 16 no Teatro de Beneficencia.
- **Obradoiro "O pandeiro cadrado na Terra das Frieiras"** impartido polo grupo de traballo Arredor da Tradición o domingo 16 no Teatro de Beneficencia.
- **VI Obradoiro de Fotografía Documental de Rúa** impartido por Brais Lorenzo e Galioart o venres 14, sábado 15 e domingo 16.

FEIRA DE ARTESANÍA

Artesáns de toda España acoden cada ano a Ortigueira a expoñer e vender os seus produtos artesanais. Aberta durante todos os días do Festival de 12:00 a 02:00 h xunto aos Xardíns de Julio Davila na zona da Alameda.



CONCURSO RUNAS

Este concurso internacional no que participan grupos de orixe nacional e internacional leva convocando desde o ano 2000. Máis de 200 bandas de diferente orixe pasaron xa por este concurso.

O aragoneses **Muro Kvarter** e os asturianos **Guieldu e Alienda** son os finalistas do Concurso Runas 2023. Os finalistas determináronse por un sistema de cinco puntuacións. A primeira derivada da votación popular na páxina web do Festival, onde máis de 16.000 persoas votaron polo seu grupo favorito. As outras catro puntuacións proceden dun xurado composto por músicos e profesionais do sector seleccionados polo Concello de Ortigueira, que analizaron para o seu veredicto a relación de cada proposta en sintonía coa filosofía e tradición musical propia do Festival.

A comisión de selección do gañador do Concurso Runas 2023 analizará os seus directos en #Ortigueira2023 tendo en conta a súa música, afinación, son e afinidade co Festival para determinar cal é o grupo que actuará de novo en 2024 como gañador do certame.

FESTIVAL NO TEATRO

O Teatro de Beneficencia é unha construción de 1850 de estilo románica na que se desenvolven unha serie de concertos ao longo do ano dentro do ciclo Festival no Teatro. Durante a celebración do Festival acolle concertos de pequeno formato de maneira totalmente gratuíta.

- **Mallou**, mércores 12
- **Rubén Díez Trío**, xoves 13
- **Anxo Lorenzo & Eoghan Neff**, sábado 15

FESTIVAL NA IGREXA

Durante o Festival a música celta asolaga a Igrexa de Santa Marta de Ortigueira coa súa máxima sonoridade.

- **David Bellas, De Gaitas Posíbeis**, venres 14

FESTIVAL NA RÚA

As rúas de Ortigueira son partícipes dunha enriquecedora experiencia cultural na que se crea unha atmosfera festiva que conecta aos asistentes coa rica herdanza das oito Nacións Celtas.

Os pasacalles non só ofrecen unha exhibición de música, danza e vestimenta tradicional, senón que tamén engaden un elemento dinámico e participativo, involucrando activamente ao público.

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

Proporciona unha prestixiosa plataforma para a presentación de artistas recoñecidos e emerxentes, permitindo a difusión, preservación e apreciación da música celta na súa máxima expresión.

RELACIÓN DE GRUPOS

SONDESEU

Domingo 9 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia



SonDeSeu nace hai 20 anos no Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo, actual ETRAD (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional).

Considerada como a primeira orquestra Folk de Galicia, une música tradicional, contemporánea e culta. Ademais disto, investigan a música raíz a través da súa fundación homónima. Ao longo da súa carreira lanza 5 discos: Mar de Vigo (2003), Trastempo (2007), Barolovento (2010), Danzas brancas (2013) e Beiralúa (2018).

En 2006 publican o Libro branco da Educación en Música tradicional, onde fan un repaso de como se transmitía a tradición musical nese momento e o importante que é ter un programa educativo oficial que se encargue de recoller estes coñecementos para acabar có voluntariado e intrusionismo actuais, ademais de poñela en valor.

TALISK

Domingo 9 | 23:15 h | Escenario Estrella Galicia



Talisk, un dos grupos de folk máis populares de Escocia, chegará a Ortigueira por primeira vez co seu son explosivamente enérxico pero enxeñosamente tecido. O trío formado por Mohsen Amini, Benedict Morris e Graeme Armstrong presentará o seu terceiro disco "DAWN" sobre o escenario principal.

Acumularon moitos premios incluído Folk Band of the Year na BBC Alba Scots Trad Music. Awards, un premio BBC Radio 2 Folk Award e a bolsa Belhaven para a innovación. Mohsen Amini (Músico do ano 2018 dos BBC Radio 2 Folk Awards), Benedict Morris e Graeme Armstrong fusionan concertina, violín e guitarra para producir un son característico innovador, de varias capas e cativador ao instante que conmoveu ao público de todo o mundo.

Aparicións nos principais festivais, incluído o peche do escenario principal do sábado pola noite no Cambridge Folk Festival 2019, o Tønder Festival de Dinamarca, o Rainforest World Music Festival no Borneo de Malaisia, WOMADs UK, Chile , o Edmonton Folk Festival, o Milwaukee Irish Festival, tres anos consecutivos no Festival Folclórico de Filadelfia e cinco presentacións sucesivas no Celtic Connections de Glasgow- acumularon un seguimento acérrimo, mentres que os medios de música folk e mundial tamén eloxiaron ao trío que dobra o xénero.

BANDA DE GAITAS LADRIDO

Luns 10 | 19:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) - Av. As Pontes - Alameda

CHARANGA ALXIBEIRA

Luns 10 | 20:0 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela - Av. Cuba - Cantón - Alameda

MURO KVARTET

Luns 10 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia | Finalista Concurso Runas 2023



Muro Kvartet nace en 2019 en Zaragoza de mans de Àlex Prats, Andrés Campos, Laura Sorias e Juan Zalba.

Evolucionan desde unha exploración de que poden facer máis aló das formacións clásicas de violíns ata un grupo cuxo obxectivo é facer bailar e gozar ao seu público, buscar novos sons e texturas e incluír elementos das músicas do mundo e de xeracións pasadas e actuais.

Editán un single en 2018, Old Reinlender e lanzan en 2023 o seu álbum Muro Kvartet, que recolle catro das súas cancións, dispoñible en Spotify.

ALIENDA

Luns 10 | 23:00 h | Escenario Estrella Galicia | Finalista Concurso Runas 2023



Formado por seis compoñentes, Bárbara González-Quevedo Pedrayes (violín e voz), Francisco Rodríguez Buznego (bouzouki), Illán Escalada Martínez (gaita e a voz), Carlos Castro Vázquez (baixo), Edu Llosa García (batería e percusión) e Emilio Amboage Rodríguez (guitarra).

O seu estilo defínese como power folk, mesturando música e instrumentos tradicionais asturianos con outros estilos.

En 2014 publican Alendando, un disco curto con catro cancións representativas de Alienda. En 2015 gañan o premio AMAS á Meyor canción folk co seu tema Rucaúres. En 2023 publican o seu disco de longa duración Alienda, con temas instrumentais e vocais, tanto propios como tradicionais.

GUIELDU

Luns 10 | 00:00 h | Escenario Estrella Galicia | Finalista Concurso Runas 2023



Guieldu nace a finais de 2019 como iniciativa de Héctor Aneiros. Actualmente está formado por Susana Sors, Héctor Aneiros, Olaya Pérez, Jorge Álvarez, Laura Méndez, Pablo Santamarta e Rubén Cadenas.

Une a música tradicional celta con Prog-Folk e New-Age, ademais de elementos da música clásica, metal, country ou electrónica, entre outros. Toman a maioría da súa inspiración da música asturiana, apoiándose tamén na música galega e a escena folk internacional.

En 2022 publican o seu sinxelo L'Aremu con dous temas, e en 2023 o segundo, tamén de dous temas, Perdayuri, os cales inclúen na súa candidatura ao Runas este ano. L'Aremu foi premiada como Mejor canción Folk 2022 nos Premios AMAS 2023.

ASOCIACIÓN CULTURAL TROULA DO ORTEGAL

Martes 11 | 19:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca - D. Xosé Buide - Eugenio López - Cantón - Praza Isabel II

ASOCIACIÓN CULTURAL SON D'AQUÍ

Martes 11 | 19:15 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Av. As Pontes - Alameda

TRIKITRÍ

Martes 11 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia | Gañador Concurso Runas 2021



O estilo e repertorio de Trikitrí ven influenciado polo son da trikitixa (o acordeón diatónico vasco) ao que se une unha curiosa mestura de instrumentos tales como a gaita electrónica, o caixón e a guitarra acústica, co que interpretan tanto temas tradicionais vascos e de autor con sabor galego, coma temas tradicionais galegos con sabor vasco, ademais de temas propios moi influenciados polos sons das dúas culturas.

ALGAIRE

Martes 11 | 23:15 h | Escenario Estrella Galicia



Algaire nace en 2019 co desexo de darlle un aire novo á música asturiana partindo sempre da súa tradición. O seu repertorio mestura sons tradicionais e contemporáneos, ao igual que recolle pezas de sempre e temas propios, para achegar este tipo de música a públicos que non están familiarizados con ela.

No seu disco *Coral y Marea* (2022), apoiado por 171 micro mecenas, colaboran con Xabier Díaz, José Manuel Tejedor, Guadi Galego e David Varela, entre outros grandes nomes da música folk.

Tras este lanzamento, conseguen varios premios, entre os cales destacan o AMAS ao mellor disco folk no 2023 e o Premio Camaretá al Meyor Cantar en asturiano no mesmo ano.

ELEPHANT SESSIONS

Martes 11 | 00:30 h | Escenario Estrella Galicia



Elephant Sessions fórmase en 2012 da man de Euan Smillie, Alasdair Taylor, Seth Tinsley e Greg Barry nas terras altas de Escocia.

Lanzan catro discos: *The Elusive Highland Beauty* (2014), *All we have is now* (2017), *What Makes You* (2019) e *For the Night* (2022). Coa súa proposta de música tradicional, funk, e electrónica, crean un son novo e encantador por medio de baixo, guitarras e batería, unido todo aos sons máis tradicionais de Escocia.

Gañadores do BBC Scots Trad Music Awards cos premios "Disco do ano" en 2017 e "Actuación en vivo do ano" en 2018, emprenden xiras dentro e fora do Reino Unido co que gañan ao público xeral e experto.

OS NETOS DO ESCRIBANO

Mércores 12 | 13:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela - Av. Cuba - Cantón - Alameda

BANDA DE GAITAS DO ORTEGAL

Mércores 12 | 18:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: R/Magdalena - Eugenio López - Cantón

FOL DO RAXAL

Mércores 12 | 19:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela - Av. Cuba - Cantón - Alameda

MALLOU

Mércores 12 | 19:00 h | Festival no Teatro | Teatro de Beneficencia



Mallou é unha homenaxe ao gaiteiro Xoán Bello Mallou, e nace como consecuencia do amor polas músicas de raíz de Benxamín Vázquez e de Sabela Rey, neta de Xoán.

Neste proxecto se une a música tradicional americana, galega, o blues, soul e country, entre outros, para crear un ambiente íntimo que fuxe das complicacións e convida a quedarse.

O seu repertorio inclúe cancións do ideario galego xunto con composicións propias, inspirándose en referentes como Fran Pérez, Narf, ou Suso Vaamonde.

AIRIÑOS DO EUME

Mércores 12 | 20:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadís) - Av. As Pontes - Alameda

A BANDA DAS CRECHAS

Mércores 12 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia



Das noites de xolda de hai 30 anos na Casa das Crechas, lugar de encontro e festa dende o século XIX, nace A banda das Crechas, un conxunto aberto no que participan músicos habituais e achegados ocasionais.

No 2010 gravan ABDC, có que levan este ambiente fora do pub, a lugares profesionais e internacionais, co obxectivo de manter viva a tradición e a foliada, defendendo a música como “nunca debeu deixar de ser, unha ferramenta para o contacto humano, para a comunicación”.

A banda das Crechas realiza varias colaboracións ao longo da súa carreira en discos como GalicianTunesOnTour, Moruadh de Yoko Takano ou Galiza de Kepa Junkera, entre outros.

HOLIDAY CLUB

Mércores 12 | 23:15 h | Escenario Estrella Galicia | Gañador Concurso Runas 2020



Holiday Club foi formado por Luisa Brown e Freya Rae no 2018 en Edimburgo cun claro obxectivo, estar de vacacións o máximo tempo posible. Este demostrou ser un excelente modelo de negocio e no tardaron en aterrar como cuarteto en Holanda, Portugal, Galicia, Chipre, Francia ou Alemaña. Cada integrante é un músico de xira internacional por dereito propio, membros de bandas galardonadas e aclamadas pola crítica como Dallahan, Blue Giant Orkestar, Birlinn Jiarg ou Brúa.

MEC LIR

Mércores 12 | 00:30 h | Escenario Estrella Galicia



Mec Lir aparece na música celta en 2014 ca albume *Not an EP*, lanzado no Festival Intercéltico de Lorient.

A banda da Illa de Man é coñecida pola súa maneira de tocar rápida e alegre, coa que participan en festivais de todo o mundo e acadan un gran número de visitas nas redes sociais, nas que chegan a acumular 2,5 millóns de visualizacións nun só vídeo.

Coa diversión como obxectivo principal, publican dous sinxelos en 2016, e compoñen e gravan *Limewire* (2020) durante tres anos, aproveitando a pandemia para facelo algo “realmente especial”. Eles mesmos din que sen os sintetizadores, batería e baixo, Mec Lir ten como núcleo “unhas melodías tradicionais que poden ser aceptadas incluso polo máis tradicional dos músicos de sesión”.

NO CÓMBARO

Xoves 13 | 12:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadís) - R/Fernández Latorre - Alameda

PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND

Xoves 13 | 17:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca - D. Xosé Buide - Av. Escola de Gaitas - R/Fernández Latorre - Cantón - Alameda

RUBÉN DÍEZ TRÍO

Xoves 13 | 19:00 h | Festival no Teatro | Teatro de Beneficencia



Rubén Díez ten máis de 30 anos de experiencia no mundo da música, e é recoñecido tanto nacional como internacionalmente polo seu traballo en grupos e proxectos como Rarefolk, o Lar Gallego de Sevilla ou Sheela Na Gig.

A súa obra vai dende músicas enérxicas ata sufís, con influencias do folk rock, a electrónica ou o Jazz. Estas pezas inclúen frautas, gaita tradicional ou bodhran, sendo o primeiro o instrumento có que máis recoñecementos obtén. Ademais da súa labor como músico, destaca tamén como produtor, e edita máis de 15 gravacións con distintas formacións e como solista.

É director de programación do Festival Internacional de Música Folk e Tradicional “Fai un Sol” e colaborador habitual do Festival Internacional Cáceres Irish Flead, entre outras moitas actividades relacionadas coa música folk.

BANDA DE GAITAS LA LAGUNA DEL TOROLLU

Xoves 13 | 20:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: R/Magdalena - Eugenio López - Cantón

FETÉN FETÉN CONEXIÓN GALICIA

Xoves 13 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia



O dúo Fetén Fetén leva 10 anos no mundo da música creando proxectos tanto tradicionais como novos, resultando nun grupo moi dinámico para nenos e maiores.

Como exemplos temos Fetén Fetén Sinfónico, có que colaboran con orquestras como a OSBU de Burgos ou a Orquesta Sinfónica de Castilla y León, ou Fetén Fetén Tradicional, un percorrido pola música de raíz da península ibérica con instrumentos insólitos como unha gaita de materiais reciclados ou unha cadeira de camping.

Con estes proxectos buscan non só achegar a música como vehículo de conexión entre tempos pasados e futuros, a nosa e outras culturas, senón que tamén queren animarnos a ser creativos e tocar con todo aquilo ao noso alcance sen ter que danar o planeta.

XISCO FEIJOÓ

Xoves 13 | 23:15 h | Escenario Estrella Galicia



Tras 30 anos de experiencia como bailador, coreógrafo, mestre da ETRAD ou recuperador etnográfico, lanza o seu primeiro disco propio, Peixe, acompañado de grandes músicos como Pepe Vaamonde, Aida Tarrío de Tanxugueiras, Rodrigo Romaní de Milladoiro e SonDeSeu, ou Alasdair Fraser, responsable de bandas sonoras como El último mohicano ou Piratas del Caribe.

A súa música vai dende o puramente tradicional, con cancións recuperadas de diversas partes de Galicia cantadas a capela, ata fusións con estilos máis modernos como o rap no sinxelo Quen son eu?, no que se une a García MC de Dios Ke Te Crew para aportar tanto a súa pandeireta como a súa voz.

Xisco Feijoó forma parte de diversos proxectos ligados á tradición galega, como a sección Vai de Baile do Luar como xurado, a ETRAD (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional) como mestre, OFG SonDeSeu como coordinador da sección de canto, entre outros.

JDC

Xoves 13 | 00:45 h | Escenario Estrella Galicia | Gañador Concurso Runas 2022



O grupo está liderado polo artista madrileño Jesús del Castillo. Desde pequeno estudou gaita galega e gaita electrónica, ademais doutros instrumentos como a uilleann pipe ou los tim whistles, os cales lle axudaron na súa especialización na música celta do norte de Europa. A súa música é unha fusión de todos estes elementos, combinando á perfección a cultura e a tradición coa electrónica.

FELPEYU

Xoves 13 | 02:00 h | Escenario Estrella Galicia



Felpeyu nace en 1991 de man de estudantes universitarios asturianos e galegos para incentivar que a música tradicional asturiana evolucione ao carón das tendencias do folk europeo. Considéranse un elemento máis do proceso na recuperación e dignificación da cultura de Asturias.

Para isto recompilan partituras, música coral, cancioneros ou arquivos sonoros de grupos etnográficos dos que algún membros forman parte, e crean con elas as súas propias composicións adaptadas.

Felpeyu actúa por todo o mundo, chegando a tocar na Fête de la Musique de Beirut, no Líbano, en 2005, invitados pola embaixada española.

BANDA DE GAITAS LA LAGUNA DEL TOROLLU

Venres 14 | 12:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca - D. Xosé Buide - Eugenio López - Salgueiro - Cantón - Praza Isabel II

PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND

Venres 14 | 13:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) - Av. As Pontes - Cantón - Alameda

BANDINA LA GARRAPIELLA

Venres 14 | 13:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) - Av. Cuba - Cantón - Alameda

BANDA DE GAITAS ABELLADEIRA

Venres 14 | 17:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: R/Magdalena - Av. Cuba - Cantón - Alameda

GRUPO FOLKLÓRICO TREBEYU

Venres 14 | 18:00 h | Festival na Rúa



Actuación: Praza de Isabel II

DAVID BELLAS, DE GAITAS POSÍBEIS

Venres 14 | 19:00 h | Festival na Igrexa | Igrexa de Santa Marta



Comezou no mundo da gaita “por casualidade”, despois de probar outros instrumentos como o piano ou actividades como a vela. Dende aquela, David seguiu vinculado a este instrumento, chegando a titularse como Profesional en gaita galega e conseguindo o Título superior en Instrumentos da Música Tradicional e Popular Galega con Matrícula de Honra.

No seu espectáculo De Gaitas posíbeis, xunto con Iván Abal á zanfona, e Ramón Dopico á percusión, resume o seu labor de transmisión dando un paseo dende as gaitas do século XI ata músicas vangardistas e experimentais.

Actualmente, David está vinculado á ensinanza, como profesor de diversos conservatorios do país (actualmente no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro), e tamén por internet, onde dá leccións de gaita e toca pezas históricas e modernas xunto coa súa partitura, ademais de outros cursos, seminarios e relatorios.

BAGAD SONERIEN AN ORIENT

Venres 14 | 20:00 h | Festival va Rúa



Percorrido: Av. Penela - Eugenio López - Cantón

PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND

Venres 14 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia



En 1972 un grupo de residentes en Boghall deciden reunirse para crear unha banda de gaitas local. Escollen como líder a Bobby Allan, de Tropichen e Bathgate, como gaiteiro líder, e buscan a cativos que quixeran unirse no periódico local Courier.

Pronto se presentarían ao concurso de bandas de Peebles, quedando como campións do Grado 4 a pesar da súa curta experiencia, algo que sería unha constante en cada competición á que acudían.

Actualmente, a banda inclúe gaitas, tambores, bombo e outros instrumentos, co que seguen mantendo a súa condición de campións nas diversas competicións ás que se presentan, moitas delas títulos mundiais. Tamén están moi orgullosos de que a maioría da xente que entra continúa nela incluso durante 25 anos.

ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA

Venres 14 | 22:45 h | Escenario Estrella Galicia



Un ano máis, a banda de gaitas protagonista do Festival, fundada en 1975, sendo precursora do posterior movementos gaiteril, sobe ao escenario principal con medio cento de músicos, entre gaiteiros, percusionistas e cadro de baile, para presentar un repertorio puramente tradicional de música e baile galego.

Dirixida por Rodrigo López, constitúe unha auténtica institución no municipio, sendo a fundadora do Festival e a referencia no cartel, mantendo viva a reivindicación do papel da gaita galega na nosa cultura.

RURA

Venres 14 | 00:00 h | Escenario Estrella Galicia



Rura nace no verán de 2010 en Escocia, unindo a gaita, voz, whistle, violín, frauta, bodhran e guitarra. Recentemente, únese a eles Adam Holmes como cantante e compositor, un cambio que lle gustou aos fans e lle outorga máis forza ao conxunto.

Contan con tres álbumes: In Praise Of Home (2018), Live at the Old Fruitmarket, a celebración dos seus 10 anos de carreira incluíndo a amigos, colaboradores e produtores, e Dusk Moon en marzo deste ano.

Forn finalistas de tres categorías dos BBC Radio Scotland Young Traditional Musician of the Year e gañadores do Danny Kyle Award no Celtic Connections do 2011

STARTIJENN

Venres 14 | 01:30 h | Escenario Estrella Galicia



Sartijenn xurde dende as mesas da escola á que asisten os compoñentes, cunha mestura de instrumentos do folk bretón e rock. Ao tempo que mesturan instrumentos, fan o propio coas súas cancións, xerando unha música tanto tranquila como do máis animada que bebe dos dous xéneros.

Lanzan sete álbums ao mercado: Startijenn (2006), Pakit holl! (2008), 'kreiz da fas! (2010), El-TaQa (2013), Skeud (2015), Paker tour (Live) (2016) y Talm Ur Galon (2022).

No seu último álbum anímanse a incluír poderosos momentos de rap, continuando con ese aire experimental que tanto os caracteriza, creando un produto diferente que rompe os esquemas do folk.

BAGAD SONERIEN AN ORIENT

Sábado 15 | 12:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadís) - R/Fernández Latorre - Alameda

BANDA DE GAITAS ABELLADEIRA

Sábado 15 | 12:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: R/Magdalena - Av. As Pontes - Alameda

BANDINA LA GARRAPIELLA

Sábado 15 | 13:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela - Eugenio López - Cantón - Alameda

GRUPO FOLKLÓRICO TREBEYU

Sábado 15 | 13:30 h | Festival na Rúa



Actuación: Praza de Isabel II

BANDA DE GAITAS LA LAGUNA DEL TOROLLU

Sábado 15 | 17:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca - D. Xosé Buide - Av. Escola de Gaitas - R/Fernández Latorre - Cantón

ASOCIACIÓN CULTURAL SAIÑAS DE XOVE

Sábado 15 | 18:00 h | Festival na Rúa



Actuación: Praza de Isabel II

ANXO LORENZO & EOGHAN NEFF

Sábado 15 | 19:00 h | Festival no Teatro | Teatro de Beneficencia



Con máis de 20 anos de traxectoria, Anxo Lorenzo é un dos gaiteiros máis prolíficos da escena galega. Conta con tres álbums de estudio, Tirán (2009), Confuxon (2014) e Vortex (2018), ademais de diversas colaboracións con músicos como Kathryn Tickell, Carlos Núñez, Lúnasa, The Chieftains, Fred Morrison, Michael McGoldrick, Alisdair Fraser, ou Celtas Cortos.

Virtuoso da gaita, consegue premios como 'Mellor Artista' de Galicia na XVIII Gala de los Premios Opinión Da Música de Raíz, o galardón do XX Folkherbst Festival ou o Macallan do Festival Intercéltico de Lorient, entre outros.

Dende hai 15 anos mantén un proxecto con Eoghan Neff chamado Eghanxo. Eoghan (alcumado "violinista extremo" por Folk World) é experto en looping en directo con base nas melodías tradicionais irlandesas. Ao igual que Anxo, busca experimentar, crear novos matices e expandir os horizontes do folk fusionando estilos e improvisando nos seus concertos.

PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND

Sábado 15 | 20:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela - Eugenio López - Cantón

BAGAD SONERIEN AN ORIENT

Sábado 15 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia



Bagad de Lorient foi presentada por primeira vez hai 40 anos no Royal Concert City Hall de Glasgow.

Se ben reciben a súa inspiración da música de diversos terreos de Bretaña, especialmente nas historias de viaxeiros, mariñeiros, vivencias dos cinco portos do lugar, etc, tamén queren abrirse a outros estilos musicais, como o electro, xunto con DJ Sami Fati y Raymond Lazer.

Participan na Red Bull Boom Bus no Festival Intercéltico de Lorient do 2014 ao 2016, e no 2017 foron parte da Velada Intercéltica de Manhattan, ademais de desfilar no Día de San Patricio na Quinta Avenida.

XURXO FERNANDES

Sábado 15 | 22:45 h | Escenario Estrella Galicia



Xurxo Fernandes comeza as súas investigacións sobre a música tradicional con só 14 anos. Dende aquela, o seu amor pola música o leva non só polas aldeas de Galicia durante 20 anos, senón tamén a coñecer a cultura sefardí de oriente en lugares como Estambul, Sofía, Xerusalén ou Atenas.

É creador de diversos proxectos como Radio Cos xunto con Quique Peón, o colectivo Pandeireteiras sen Fronteiros (PAN.SEN.FRON) no que une a tradición galega coa sonoridade de Rumanía, Italia ou India entre outros, Jako el Muzikante, que trae de volta o ambiente dos cafés amán dos anos 20 ou Leivano!, que ven a representar o seu labor de recollida e aprendizaxe en Galicia e o Mediterráneo Oriental un só espectáculo.

En Leivano!, Xurxo presenta doce temas recollidos en lugares tan diversos como Coristanco, Samakov, Tel Viv ou La Mezquita, servíndose da tradición oral galega con arranxos que nos achegan a paisaxes máis lonxanas.

LE VENT DU NORD

Sábado 15 | 00:00 h | Escenario Estrella Galicia



Le Vend du Nord é un proxecto de folk progresivo francófono creado por cinco amigos no 2002 en Quebec.

No seu repertorio, cheo de cancións de gran ritmo e musicalidade, contan con pezas traídas de fontes tradicionais e composicións propias. A súa grande flexibilidade lévannos a facer colaboracións con artistas de renome como Julie Fowlis, Harry Manx, ou The Chieftains, entre outros, có que acadan diversos sons que enriquecen o seu repertorio.

Os seus concertos alegres e intensos, segundo Voir Montreal, “avergoñan a todos detractores do folk tradicional”, e a súa música failles conseguir o Premio Félix ao Álbum Tradicional do Ano de ADISQ en 2022.

FOUR MEN AND A DOG

Sábado 15 | 01:30 h | Escenario Estrella Galicia



Four Men and a Dog preséntanse no Festival Folk de Belfast en 1990 cunha aposta de melodías enerxéticas de danzas tradicionais de Irlanda e unha actitude alegre que convidaba ao público a participar bailando e dando palmas.

Tiveron diversas formacións nos seus 30 anos sobre os escenarios. Actualmente, consiste en Gino Lupari, Kevin Doherty, Cathal Hayden, Stephen Hayden e Donal Murphy, quen combina as súas raíces folk con country, blues, polka e incluso rap, entre outros moitos xéneros.

Lanzan seis discos ao mercado: *Barking Mad* (1991), *Shifting Gravel* (1993), *Doctor A's Secret Remedies* (1995), *Long Roads* (1996), *Maybe Tonight* (2002) e *Wallop the Spot* (2008), dos cales o primeiro foi premiado como Mellor Álbum en 1991 pola revista *Folk Roots* a primeira vez que un grupo irlandés gañaba este premio.

DESFILE DAS NACIÓNS CELTAS

Domingo 16 | 11:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Alameda - Av. As Pontes - Av. Escola de Gaitas (Gadis) - Perla - Eugenio López - Cantón

Participantes:

- Escola de Gaitas de Ortigueira
- Banda de Gaitas do Ortegal
- Banda de Gaitas Ladrado
- Banda de Gaitas Abelladeira
- Asociación Cultural Saiñas de Xove
- Airiños de Fene
- Grupo Folklórico Trebeyu
- Banda de Gaitas La Laguna del Torollu
- Bagad Sonerien An Oriant
- Peoples Ford Boghall & Bathgate Caledonia Pipe Band

ASOCIACIÓN CULTURAL TROULA DO ORTEGAL

Domingo 16 | 19:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca - R/Francisco Santiago - Cantón

OS CARECOS

Domingo 16 | 22:00 h | Escenario Estrella Galicia



Os Carecos é un grupo de pandeireteiros de Ortigueira e Cariño, composto por Carlos Cheda, Samuel Ramos e Diego Chao. Se ben levaban dende pequenos no mundo da música tradicional, comezan o grupo no 2014, tras coñecerse na Asociación Cultural Gamelas e Anduriñas de Espasante e darse conta de que as súas voces cadraban ben xuntas.

Os Carecos, sempre amantes da súa tradición, elixen un repertorio festeiro que anima a cantar e bailar con eles, e percorren toda Galicia e outros lugares de España para alegrar a todo aquel que queira escoitalos.

No 2016 deciden crear o Serán Careco Solidario xunto coa Asociación Cultural Libro Vivo de San Claudio, un serán no que participan artistas de renome como Leilía, Os da Porfía ou Xoldaina, con tanto éxito que teñen que escoller outro terreo maior pero sen renunciar a facer a festa no seu San Claudio, en Ortigueira. A recadación, ano tras ano, é destinada á loita contra o cancro, apoiando a asociacións como a Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia, ASANOG ou AECC.

XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE

Domingo 16 | 23:00 h | Escenario Estrella Galicia



Coruñés de nacemento, Xabier Díaz emprende unha andaina por Galicia recompilando cancións e músicas das mulleres do rural, recollidas logo nos seus discos aos que dá un toque persoal dentro desta tradición.

Con As Catedrais Silenciadas, Xabier pecha a triloxía que crea xunto con Adufeiras de Salitre cos discos Noró e The Tambourine Man cos que, segundo afirma, non lle quedou aldea de Galicia por visitar.

Xunto con elas, consegue diversos premios, como manterse por tres meses consecutivos no Top Ten do World Music Charts Europe e a entrada no Top of the World da revista Songlines en agosto e ata setembro de 2020, a inclusión do tema Amiga sempre no álbum compilatorio Great Tunes From The World Music Charts Europe, da WMCE, a lista global máis prestixiosa do mundo avalada por críticos de máis de 20 países, ou o Premio Martín Codax en 2020 na categoría de Música Tradicional.

COVAGUEIRA

Domingo 16 | 00:30 h | Escenario Estrella Galicia



O grupo, nado no seo da Escola de Gaitas de Ortigueira, terá a súa estrea no Festival. Un grupo formado en 2015 que foi evolucionando en diversos formatos ata chegar no 2019 á formación actual, con novos instrumentos e sons, pero mantendo a esencia característica de Covagueira.

INFORMACIÓN PRÁCTICA

RECOMENDACIÓNS

ZONA DE LECER E DESCANSO

Na zona de Morouzos atópase a zona de descanso do Festival. Está dotada de duchas e aseos e dispón de zona de restauración. Dispón de transporte urbano desde o centro urbano.

APARCAMENTOS GRATIS VIXIADOS

Situados na entrada do centro urbano na zona de Barbos, dirección Espasante, dispoñen de vixilancia durante 24 h. Ten dispoñible o servizo de buses urbanos, que achegan aos usuari@s ata a zona de descanso ou ata o centro urbano (1,50 € por traxecto), con frecuencia cada hora.

LIÑA DE BUSES URBANOS

Desde o domingo 9 de xullo ata o luns 16 de xullo con frecuencia cada hora, en horario ininterrompido de 10:30 h ata unha hora despois do final do último concerto (1,50 € por traxecto). Conta con paradas nos aparcamentos públicos, na estación de Feve e na rotonda da praia de Morouzos.

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias - 112

Centro de Saúde - 981 401 076 / 981 429 044

Garda Civil (obxectos perdidos) - 062 / 981 400 021

Policía Local - 696 446 863 / 696 446 864

Concello de Ortigueira - 981 40 00 00

Oficina de Turismo - 981 974 103

Renfe - 912 320 320 / 981 370 529

Buses Arriva - 981 311 213

ZONA DE RESTAURACIÓN

Na zona da Alameda instálanse diferentes postos e “food trucks” cunha ampla oferta gastronómica durante todo o día.

COIDA O MEDIOAMBIENTE

Se decides achegarche ao piñeiral ou á praia de Morouzos, lembra que é un espazo natural protexido e que debes preservalo.

OUTRAS RECOMENDACIÓNS

Toda a zona de descanso está situada nunha área protexida cun alto valor ecolóxico que debemos conservar entre todos. Por esa razón, é moi importante:

- Coida o teu contorno para ter un festival inesquecible, evita pisar as dunas
- Non acampes no areal e no piñeiral
- Non fagas lume
- Non malgastes a auga
- Utiliza as papeleiras e contedores
- Deixa en casa aos animais domésticos
- Respecta a natureza

COMUNIDADE ONLINE

A comunidade do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira suma máis de 50.000 seguidores en redes sociais, síguenos!

Instagram - @festivaldeortigueira

Facebook - @festortigueira

Twitter - @festortigueira

YouTube - @festivaldeortigueira

Web - www.festivaldeortigueira.com





PATROCINADORES

ORGANIZA



COLABORA




PATROCINA



AGRADECEMENTOS

O Concello de Ortigueira agradece o esforzo e a implicación de todas as persoas que forman parte da organización, traballadores/as do concello, colaboradores, empresas, colectivos, patrocinadores e persoas que apoian e fan crecer cada ano máis este evento. E, como non, a todos e todas os que desfrutades do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira cada ano.



CONTACTOS

Concello de Ortigueira

www.concellodeortigueira.com

info.festival@concellodeortigueira.com

981 400 000

Departamento de Comunicación

www.festivaldeortigueira.com

prensa@festivaldeortigueira.com

981 138 225 - Elisardo de la Cruz

633 481 403 - Diego Vilar

658 811 400 - Ramón Roldán

Vémonos do 9 ao 16 de xullo en #Ortigueira2023!